



EXP.: 156/2020

Acta da Comisión sobre a resolución de alegacións e adxudicación definitiva da solicitude, concesión e uso de instalacións deportivas do Consello Municipal de Deportes de Ourense na tempada 2020/21.

Lugar celebración : oficinas dos Remedios, Consello Municipal de Deportes (CMD)

Data : 10/09/2020

Hora comezo : 10h

Hora remate : 12,00h

Asistentes

Mario González Rodríguez, xerente do CMD.

Marta Míguez Telle, coordinadora de deportes do CMD.

Orde do día

Resolución de alegacións e adxudicación definitiva das instalacións deportivas do Consello Municipal de Deportes de Ourense na tempada 2020/21.

Deliberacións

Procedemos a comunicar as decisións sobre as alegacións achegadas en prazo polos clubs e entidades deportivas en relación á adxudicación provisional das instalacións deportivas municipais.

1. CLUB VOLEIBOL OURENSE:

Concédeselle a franxa horaria de 16.30h a 18.30h no Otero Pedrayo.

2. CLUB WATERPOLO PABELLÓN OURENSE:

- Recupera o horario da tempada pasada ao non telo solicitado ningún outro club.
- Debe aportarnos os datos do/a socorrista que se vai facer cargo da vixiancia do dito grupo de adestramento, que deberá estar capacitado/a e acreditado/a pola AGASP, ao igual que o Club de Natación Sincronizada.

3. ESCOLA XIMNASIA PAVILLÓN OURENSE:

Comparte espazo co Club Ximnasia Pavillón na cancha central os mércores de 18h a 20h e ocupa 1/3 do anexo de 16h a 17.30h os venres.



4. ESCOLA DE PATINAXE EN LIÑA ROLLER OURENSE, MAESE RIDERS TEAM

Horarios a consensuar coa Asociación de Veciños Barrocás.

5. UNIÓN DEPORTIVA OURENSE

Concédesese o campo de fútbol de Vilar das Tres.

6. XUVENTUDE OURENSE FS

Concédeselle luns e venres en Oira de 17.30h a 19h, no Polideportivo da Carballeira luns de 17h a 18h e mércores de 17h a 18.30h, no anexo 2/3 os martes de 20h a 21.30h e no polideportivo do campus universitario media cancha os luns de 18h a 20h.

Os horarios definitivos de uso das instalación deportivas municipais poden ser modificados en función das medidas hixiénico-sanitarias de prevención do COVID19, que sempre serán prioritarias ao horario de cesión.

Non habendo máis temas que tratar, remata a reunión ás 12:00h.

Ourense, na data da sinatura electrónica.

A coordinadora de deportes do CMD

O xerente do CMD